

Unha Galicia imaxinada na que Urbano Lugo ingresa en 1953 na Academia Galega da Lingua

Presentamos unha moi orixinal proposta narrativa a cargo de Rodrigo Osorio, un dos impulsores da figura e vixencia do pintor e escritor Urbano Lugo. O autor imaxina unha Galicia ideal que non padeceu o golpe de Franco nin a guerra civil. Nese país sen ditadura, o gran artista e escritor pronuncia o seu discurso de ingreso na Academia Galega de Lingua, discurso que terá a resposta de Leandro Carré Alvarellos. Estamos en novembro de 1953.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, FEBREIRO, 2021.- Soñar mundos, imaxinar universos, debuxar ignotos ronseis... Velaquí a función, especialmente milagrosa, da literatura. Ser quen de reescribir vidas e tempos. O artífice deste libro, Rodrigo Osorio, proponnos nesta *Orixe orzánica das sereas todas*, un xogo maravilloso, un reto tamén. Os protagonistas son o pintor e escritor Urbano Lugo González e o escritor Leandro Carré Alvarellos. Arredor deles, ou canda eles, deberemos mergullarnos na orixe orzánica das sereas todas, e deixar que o misterio das ondas nos leve polo vieiro dos soños.

Rodrigo Osorio, integrante do colectivo lugrisán In nave civitas, é un dos impulsores da reivindicación da vida e obra de Urbano Lugo. Nesta obra, Osorio soña unha Galicia ideal, imaxina como tería sido o noso país sen Franco, nin guerra, nin ditadura. Unha sociedade na que o xenial artista pronuncia o seu discurso de ingreso na Academia Galega da Lingua. É o 19 de novembro de 1953.



Pp: 130. Formato 14 x 19,5 cms.
ISBN 978-84-16460-97-7 PVP: 14,00 €

RODRIGO OSORIO GUERRERO (Ponferrada, León, 1977). Coñeceu a obra de Urbano Lugo González cando estudaba Dereito en Compostela, grazas á exposición do Auditorio de Galicia de 1998. En 2012, reencontrouse co mestre no obradoiro literario impartido por Xurxo Souto –«Historias da cidade barco»– do que naceu o colectivo lugrisán In Nave Civitas, no que se integrou. Dende aquel ano fai parte da organización do Día LUGRÍS, unha homenaxe cidadá anual arredor do «pintor do mar». Tamén tivo a lelicia de colaborar coa asociación cultural O Mural na salvación do fresco que Lugo pintou na rúa Real da Coruña. Escribiu: «Lugo, un naufrago da historia», «P. M. A. Unha interpretación ventureira. Como (non) nomear un fresco de Urbano Lugo» e «O quebracabezas do descubrimento». Así mesmo, foi integrante do cadro de teatro de Cántigas da Terra co que representou dúas obras de Carré Alvarellos: *Un caso complicado* (2016) e *O engano* (2019).

Contacto co autor Rodrigo Osorio: 617 39 29 89 - ro.osorio.guerrero@gmail.com



Nota de Prensa

NOVIDADE
EDITORIAL

EDITORA
alvarellos

título
nota
de
prensa

**Udis ea comnistem eu-
mquos endistotatum ea
nemperae est, alibus, qui-
delent. Poreste nesequam
aliquas dolorum suntios-
tem eum in est, simperum,
offic tet pariat.**

FICHA TÉCNICA: 302 pp | 13 x 17,5 cms.
ISBN 978-84-16460-34-2 | PVP: 18,00 €
Cosido con hilo. Capa con sobrecubierta.

